



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Literatura e identidade cultural do primeiro idioma estranxeiro: Inglés

Materia	Literatura e identidade cultural do primeiro idioma estranxeiro: Inglés			
Código	V01G180V01903			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Bringas López, Ana María			
Profesorado	Alonso Alonso, María Bringas López, Ana María			
Correo-e	abringas@uvigo.es			
Web	<a href="http://faiatic.uvigo.es">http://faiatic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	A materia aborda o estudo da identidade cultural africana e afrospórica a través da análise de textos teóricos, literarios e fílmicos representativos.			

## Competencias de titulación

Código	
A2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz
A3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria
A5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos
A10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao
A11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva

A12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
A13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada
B1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitiren xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado
B5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía

### Competencias de materia

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Describir e analizar os trazos literarios, temas, estilos e símbolos principais utilizados nas obras literarias dunha determinada época histórica ou dun determinado movemento estético ou cultural, relacionando estas características co contexto en que se inscriba a produción e recepción da obra.	A2 A10 A11 A13	B1
Relacionar as obras literarias e culturais que sexan obxecto de estudo coas teorías críticas e os movementos literarios e culturais que contribúan á comprensión da obra.	A3	B3
Formular razoamentos críticos derivados da análise das obras literarias e culturais obxecto de estudo, empregando para iso terminoloxía, fontes e recursos especializados, e proporcionando evidencias críticas e textuais que avalen os devanditos argumentos.	A4 A6 A8 A12	B2 B3
Aplicar técnicas de análise literaria a textos representativos de distintos xéneros como poden ser a poesía, teatro ou narrativa.	A4 A5 A12	B3
Estender os coñecementos das técnicas de análise literaria á peculiaridade narrativa do discurso fílmico, televisual e radiofónico.	A4 A10 A12	
Recoñecer as novas tendencias nos diversos movementos literarios e culturais.	A2 A10 A11	
Relacionar textos literarios e outras expresións culturais e artísticas, como pode ser o cine ou a arte, tanto entre eles coma coa realidade sociopolítica na que se producen.	A10 A11	
Visibilizar e pór en valor as achegas das mulleres á literatura e a cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais.	A11	
Identificar o papel desempeñado polas expresións artísticas e culturais nas relacións entre grupos dominantes e/ou minoritarios.	A10 A11 A13	
Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e sensibilizar as persoas da contorna na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade.	A10	B4
Desenvolver un pensamento independente e crítico, así como actitudes de respecto e tolerancia cara a outras opinións e puntos de vista, e cara á diversidade social e cultural.	A6 A7 A9	B5

### Contidos

Tema	
INTRODUCTION	Literature and cultural identity
MODULE 1: AFRICAN LITERATURE AND IDENTITY	1. Africa and its representation in cultural discourses 2. African history and culture: pre-colonial Africa; slavery and colonialism; neo-colonialism and globalisation 3. Literature and African cultural identity: nation(alism); ethnicity; gender; folk culture; language
MODULE 2: AFRICAN-CARIBBEAN LITERATURE AND IDENTITY	1. Introduction 2. The Middle Passage 3. Slavery and Plantation Period 4. Push and Pull Diaspora 5. First and Second Generation Migration

N.B. Para cada módulo do temario, o alumnado disporá dun esquema detallado e dunha selección de textos teórico-críticos para ampliar e reforzar conceptos. O profesorado fornecerá tamén, para a súa análise detallada, unha selección de textos literarios e fílmicos representativos. Os textos teórico-críticos e literarios estarán a disposición do alumnado na plataforma de teledocencia Fatic ou, no seu caso, no servizo de reprografía da Facultade.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	0	3
Sesión maxistral	24	48	72
Traballos de aula	16	20	36
Outras	1	10	11
Traballos e proxectos	0	12	12
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	4	12	16

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia e explicar as cuestións organizativas relacionadas coas probas que o alumnado deberá desenvolver durante as aulas.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos teóricos da materia.
Traballos de aula	Exercicios prácticos, comentarios de texto e debates realizados polo alumnado, individualmente ou en grupo, baixo a dirección e supervisión do profesorado. Neles o alumnado deberá aplicar os contidos teóricos expostos nas sesións maxistras.

### Atención personalizada

Probos	Descrición
Outras	
Traballos e proxectos	
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Avaliarase a participación e implicación do alumnado nas sesións presenciais (tanto nas sesións maxistras coma nos seminarios): atención, comentarios e preguntas pertinentes ao fío das explicacións.	5
Traballos de aula	Avaliarase a participación e implicación do alumnado nas sesións presenciais de prácticas e nos debates de comentario dos textos. Valorarase non só a participación cuantitativa senón tamén a pertinencia das achegas.	15
Outras	Presentación oral en grupo sobre un texto do programa, que será previamente acordado coa profesora.	10
Traballos e proxectos	Ensaio individual, dunhas 5 páxinas de extensión, que consistirá no comentario crítico dun texto proposto polo profesorado. O alumnado deberá aplicar os conceptos teóricos estudados nas aulas, empregando o vocabulario específico e a terminoloxía crítica, identificando os recursos formais e aspectos estilísticos relevantes e axeitándose ás normas académicas de elaboración de traballos científicos. O traballo entregarase ao final do cuadrimestre, na derradeira sesión presencial do curso. Na avaliación do traballo teranse en conta tanto as competencias relacionadas cos contidos teóricos coma as relacionadas coa construción de argumentos sólidos e a súa correcta expresión escrita.	20
Probos de resposta longa, de desenvolvemento	Haberá dous exames parciais sobre os contidos da materia. O primeiro terá lugar ao final da unidade dedicada a África. O segundo parcial celebrarase entre a penúltima e a última semana de aulas. As datas concretas acordaranse entre alumnado e profesorado con antelación suficiente. As cualificacións obtidas en ambos os parciais farán media aritmética e o resultado constituirá o 50% da cualificación final da materia.	50

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### 1. PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

##### 1.1. Avaliación continua

**Na primeira edición de actas a avaliación será continua**, consonte o detallado máis arriba. A condición para ser avaliada/o será a asistencia a un **mínimo do 80% das aulas**. É obrigatorio realizar no prazo establecido todas as **probos asignadas** durante o desenvolvemento das aulas. As probas non realizadas ou os traballos entregados fóra de prazo contarán coma un cero. Do mesmo xeito, os traballos que non cumpran os requisitos mínimos de corrección lingüística e conteñan erros gramaticais graves contarán coma un cero. A non realización dun exame parcial suporá un cero.

A entrega de traballos e exercicios así como a realización das probas parciais implican a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. O alumnado avaliado por este sistema non poderá presentarse ao exame correspondente á avaliación única (ver apartado 1.2.), e a súa cualificación na primeira edición de actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas nas probas realizadas durante o curso.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade.

## 1.2. Avaliación única

Se algunha alumna/o non se pode acoller á avaliación continua por **motivos xustificadas**, deberá comunicarllo ao profesorado argumentadamente **ao comezo do cuadrimestre (nas dúas primeiras semanas de clase)**. Nese caso, poderá ser avaliada/o mediante un exame único, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise e interpretación de textos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na mesma data ca o segundo exame parcial da avaliación continua, data que será acordada entre profesorado e alumnado con antelación suficiente.

A escolla desta opción en ningún caso supón a perda do dereito a asistir ás aulas sempre que sexa posíbel, o cal se recomenda encarecidamente. O alumnado que siga esta modalidade de avaliación será responsábel de manter un contacto continuado coa materia a través de Faitic.

## 2. SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

Na **segunda edición de actas (xullo)** a avaliación levarase a cabo mediante un **exame único**, baseado nos contidos da materia, que combinará preguntas teóricas e exercicios prácticos de análise de textos e cuxa nota constituirá o 100% da cualificación final. Este exame terá lugar na data oficial de xullo aprobada pola Xunta de Facultade.

Recoméndase firmemente que o alumnado asista ás aulas e titorías con regularidade e se implique activamente no seu proceso de aprendizaxe.

---

### Bibliografía. Fontes de información

Ashcroft, Bill, Gareth Griffiths and Helen Tiffin (1998): *Key Concepts in Post-colonial Studies*. London & New York: Routledge.

Bromley, Roger (2000): *Narratives for a New Belonging: Diaspora Cultural Fictions*. Edinburgh: Edinburgh U.P.

Byerman, Keith (2005): *Remembering the Past in Contemporary African American Fiction*. Chapel Hill: The U. of North Carolina P.

Childs, Peter & Patrick Williams (1997): *An Introduction to Post-Colonial Theory*. London & New York: Prentice Hall/Harvester Wheatsheaf.

Chow, Rey (1993): *Writing Diaspora. Tactics of Intervention in Contemporary Cultural Studies*. Indiana: Indiana U.P.

Donnell, Alison (2006): *Twentieth-Century Caribbean Literature: Critical Moments in Anglophone Literary History*. New York: Routledge.

Gikandi, Simon, ed. (2003): *Encyclopedia of African Literature*. London: Routledge.

Gilroy, Paul (1993): *The Black Atlantic: Modernity and Double Consciousness*. London: Verso.

Hall, Stuart & Paul du Gay, eds. (1996): *Questions of Cultural Identity*. London: Sage.

Kabunda Badi, Mbuyi (2000): *Derechos humanos en África: Teorías y prácticas*. Bilbao: Universidad de Deusto.

Lomba, Ania (1998): *Colonialism/Postcolonialism*. London: Routledge.

McLeod, John (2010): *Beginning Postcolonialism*. 2nd ed. Manchester: Manchester U.P.

McLeod, John, ed. (2007): *The Routledge Companion to Postcolonial Studies*. London & New York: Routledge.

- Meredith, Martin (2006): *The State of Africa: A History of Fifty Years of Independence*. London & New York: Free Press.
- Msiska, Mpalive-Hangson and Paul Hyland, eds. (1997): *Writing and Africa*. Harlow: Longman.
- Ngugi wa Thiong'o (1986): *Decolonising the Mind: The Politics of Language in African Literature*. London: James Currey.
- Ngugi wa Thiong'o (1998): *Penpoints, Gunpoints, and Dreams: Towards a Critical Theory of the Arts and the State of Africa*. Oxford: Clarendon Press.
- Ogunyemi, Chikwenye Okonjo (2007): *Juju Fission: Women's Alternative Fictions from the Sahara, the Kalahari and the Oases In-Between*. New York: Peter Lang.
- Puri, Shalini (2004): *The Caribbean Postcolonial: Social Equality, Post-Nationalism and Cultural Hybridity*. London: Palgrave.
- Simpson, Andrew (2008): *Language and National Identity in Africa*. Oxford: Oxford U.P.
- Soyinka, Wole (2000): *The Burden of Memory, the Muse of Forgiveness*. New York: Oxford U.P.
- Stratton, Florence (1994): *Contemporary African Literature and the Politics of Gender*. London & New York: Routledge.

---

## Recomendacións

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Análise e interpretación literaria de textos do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01401

Ámbitos literarios III do primeiro idioma estranxeiro: Inglés/V01G180V01602

---